

## **Instrución 5/2021, sobre a instalación provisional de terrazas de establecementos de hostalería na zona de dominio público viario da rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.**

A Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas introduciu unha serie de modificacións na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia buscando, entre outras, a flexibilización do uso do dominio público viario para a instalación de terrazas.

En concreto o artigo 43.1.g) de usos autorizables na zona de dominio público quedou redactado do seguinte xeito:

*“As instalacións provisionais, cun prazo fixado, asociadas a actividades de interese, de uso ou de acceso público, ou para a realización de actividades relacionadas coa conservación ou construción de instalacións industriais ou de edificacións, así como as obras, instalacións e usos provisionais de interese particular en terreos afectados por anteprojectos, proxectos de trazado e proxectos de construción aprobados definitivamente e cuxas obras non se iniciasen.”*

Con motivo de establecer uns criterios mínimos para a instalación de terrazas no dominio público viario, dispónse a seguinte Instrución:

### **Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación.**

1. O obxecto desta instrución é establecer as condicións técnicas sobre o outorgamento das autorizacións para a instalación provisional de terrazas de establecementos de hostalería na zona de dominio público das estradas.
2. O ámbito de aplicación desta Instrución atinxe ás estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Segundo. Compatibilidade entre o uso público e a utilización privativa de espazos públicos ocupados por terrazas.**

A preferencia do uso do espazo público será para o común xeral, polo que é preciso garantir que a instalación provisional de terrazas non limite a accesibilidade dos viandantes, manténdose en todo momento un tránsito peonil fluído, cómodo e seguro.

Garantírase ademais a seguridade viaria e a integridade da estrada.



### **Terceiro. Condicións xerais.**

1. Para que poida ser autorizada provisionalmente a súa instalación no dominio público viario das estradas, a terraza deberá estar formada por elementos móbiles facilmente desmontables, tales como mesas, cadeiras, parasois, mamparas,..., que deberán ser retirados ao rematar a xornada de apertura do establecemento, coa excepción prevista nesta Instrución.
2. A instalación provisional dunha terraza non diminuírá en ningún caso a visibilidade da estrada nin poderá conter elementos que dificulten a visibilidade da sinalización, do tráfico nin dos pasos de peóns.
3. Con carácter xeral, un dos requisitos para que a instalación provisional dunha terraza sexa autorizable é que o establecemento e a terraza estean na mesma marxe da vía.
4. Será preciso presentar xunto coa solicitude da instalación provisional dunha terraza un plano de planta onde se represente a superficie destinada á terraza coas súas dimensións, longo da beirarrúa, mobiliario urbano existente e as dimensións que confirmen o cumprimento do itinerario mínimo peonil. Tamén será necesario que a persoa interesada indique o período de tempo para o que se pretende a instalación provisional da terraza.

### **Cuarto. Ocupación en beirarrúas e aparcamentos.**

1. Só se poderá autorizar a instalación provisional de terrazas en beirarrúas onde se manteña libre un itinerario mínimo peonil de 1,80 metros de ancho ou, cando non sexa posible polas condicións orográficas ou en rúas preexistentes, sempre que se manteña libre un itinerario mínimo peonil de 1,50 metros.
2. No caso de situarse na beirarrúa do lado do bordo, os elementos da terraza deberán retranquearse deste polo menos 50 cm nos supostos que coincidan con aparcamentos, carril ou para garantir a seguridade do tráfico peonil e de vehículos.
3. Poderase autorizar a instalación provisional de terrazas ocupando zonas de aparcamento. As terrazas que ocupen a zona de aparcamento poderán facelo de forma completa, en todo o ancho da zona de aparcamento, ou de forma parcial, cambiando a configuración do aparcamento, de ser o caso.

Só se poderán autorizar provisionalmente terrazas que ocupen zonas de aparcamento naqueles treitos onde exista unha limitación de velocidade máxima igual ou inferior a 50 quilómetros por hora.



Nos casos nos que se autorice a instalación provisional de terrazas ocupando zonas de aparcamento, estas deberán situarse sobre unha plataforma de madeira, ou outros elementos análogos, situada a nivel da beirarrúa, de tal xeito que se impida a súa ocupación efectiva por parte dos vehículos, salvo que algunha circunstancia doutra índole o impida. Esas plataformas, ou outros elementos análogos, poderán permanecer instalados, sen ter que ser retirados, ao rematar a xornada de apertura do establecemento.

En calquera caso, cando se autorice a instalación provisional de terrazas ocupando zonas de aparcamento, todos os elementos e o mobiliario da terraza manterán cando menos unha separación de 50 cm co carril da estrada.

#### **Quinto. Disposición derogatoria.**

Queda derogada expresamente a Instrución 4/2021, sobre a instalación provisional de terrazas na zona de dominio público viario da rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Sexto. Entrada en vigor.**

Esta Instrución entrará en vigor ao día seguinte da data da súa sinatura.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2021

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

